

IES VAL MIÑOR



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2021-22

ROBERTO FAYA CERQUEIRO
ADELA MIRÁS CALVO

ÍNDICE

Temporalización	3
Obxectivos desta adaptación.	3
Seguimento do protocolo COVID na área de Educación Física.....	3
Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.....	3
Adaptacións necesarias á docencia non presencial	4
Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.....	4
Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.....	6
Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.	6
Revisión do desenvolvemento da addenda	6

Temporalización

Primeiro trimestre do curso 2021-22. No caso de non modificarse estenderase ata o final de curso.

Obxectivos desta adaptación.

- Planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2020/2021 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Seguimento do protocolo COVID na área de Educación Física.

Neste curso fíxose unha programación presencial atendendo ao cumprimento do protocolo COVID, e nesta addenda dependendo da situación sanitaria na que nos atopemos, se existen períodos de ensino telemático, debido a coarentenas ou confinamentos haberá que realizar adaptacións.

A nosa área verase moi afectada, xa que o contacto físico forma parte da idiosincrasia de moitos dos procesos de aprendizaxe da educación física. Sobre todo en deportes de adversario de colaboración-oposición. Polo que na programación do curso 2021-22 establécese unha priorización de deportes de cancha dividida que obligan a unha distancia determinada pola propia cancha e prestando especial atención á intensidade do exercicio, pois se estamos en interior terán que ter mascarilla en todo momento e a respiración e o esforzo intenso serán incompatibles.

O protocolo no punto 16.5 di “ **No caso da clase de educación física o uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual a máis de 2 metros. Cando se compartan materiais procurarase a súa limpeza e desinfección despois do seu uso ou a realización de hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da máscara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.**”

Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Trala avaliación inicial detectamos que o alumnado necesita incrementar o seu tempo de acción motriz, pois veñen de pasar moito tempo sen realizar a actividade física necesaria. Un dos obxectivos prioritarios deste curso académico será un obxectivo utilitario e saudable de incremento dos niveis de actividade física, para fundamentalmente incrementar a condición física saudable do alumnado.

Outra valoración é a detección da necesidade de interacción social do alumnado que despois deste largo período de pandemia pode nesta área atopar un momento de intercambio social, mantendo en todo momento a distancia de seguridade, a través do deporte. Asemade reequilibrarase do alto nivel de estrés

sufrido nesta pandemia pode ser conseguido a través de contidos que fomenten a conciencia corporal e a relaxación e respiración, polo que impartirase o contido de loga entre outros.

Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación do novo curso escolar.

Non é necesario incorporar contidos do curso pasado, pois non existe alumnado coa área non superada. Pero si que é necesario reformular completamente a programación. Está detallada no documento oficial da programación da área para o curso 2021-22. Máis que incorporar hai que reformular a programación pola imposibilidade de cumprir o protocolo en canto á distancia social, na impartición de contidos que pola súa esencia requiren de contacto directo. Falamos de bastantes dos contidos relacionados coa expresión corporal, e dos deportes de cooperación oposición de cancha compartida no aspecto táctico, fundamentalmente en defensa.

A revisión dos obxectivos, competencias e contidos está descrita na programación oficial deste curso publicada na páxina web do centro.

Adaptacións necesarias á docencia non presencial

Desenvolvemento das clases e metodoloxía en caso de atención a alumnado en corentena.

Metodoloxía e actividades en caso de coarentena

Actividades:

Teledocencia a través de actividades expositivas e interactivas a través dos cursos virtuais na aula virtual do centro para o alumnado 1º Bacharelato, e a través dos cursos de Edixgal para 1º a 4º da ESO .

A través dos foros das plataformas virtuais, ou por correo electrónico, iráselles indicando os materiais colgados nos cursos virtuais correspondentes, para poder continuar o curso.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Búscase en todo momento que a materia continúe tendo un carácter eminentemente práctico e vivencial, así como o desenvolvemento da creatividade e autonomía do alumnado.

A implicación das familias tamén está presente xa que poderán propoñerse algunhas actividades de carácter non obrigatorio, nas que necesitan da participación dalgún membro da familia.

Para o alumnado que presenta problemas de conectividade facilitarase a comunicación vía whatsapp ou correo electrónico para a entrega e recollida dos materiais.

Materiais e recursos:

Recursos de tipo audiovisual, uso de móbiles, tabletas e/ou ordenador e reproductor musical. Haberá actividades que se grabarán en vídeo e serán remitidas a/o profesor/a mediante correo electrónico, para a valoración do traballo, respectando a confidencialidade da imaxe do alumnado. Tamén dispoñemos de materiais de uso doméstico accesibles nun domicilio que poidan axudar para a realización das prácticas propostas.

Información ao alumnado e ás familias	<p>As actividades para 1º a 4º ESO cólganse no apartado da materia de Educación Física da plataforma Edixgal.</p> <p>No caso de 1º Bacharelato seguiremos o mesmo procedemento na plataforma moodle (aula virtual do centro) .</p> <p>Información coas familias en caso de que fose necesario, a través da plataforma abalar e comunicación mediante correo electrónico ou vía telefónica.</p>
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro e avisos mediante correo electrónico e foros de novas na aula virtual.</p>

Desenvolvemento da actividade lectiva e metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais.

Realizarase o explicado no apartado anterior, que era para alumnado que puntualmente non se pode incorporar por estar en coarentena pero para toda a clase.

Incorporando ademáis unha conexión máis directa, na hora na que correspondía clase de EF polo seu horario de aula, unha conexión a través de videoconferencia, ou ben un foro activo a través da aula virtual, ou Edixgal. Colgándose sempre os materiais e recursos dixitais necesarios, tanto en Moodle coma en Edixgal, para o avance da programación.

Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Utilizaranse probas específicas motoras que avalíen os contidos propostos e competencias clave mediante os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. - Rexistrarase o traballo do alumnado (entregas) así coma a participación nos foros, entradas na aula virtual do seu curso, ou nas clases a través de videoconferencia.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Rúbricas para cada proba específica. - Escalas de valoración e listas de control para o rexistro de entregas e participación.

Revisión do desenvolvemento da addenda

A revisión desta addenda realizarase trala 1ª avaliación e segundo o seu resultado procederase en caso de ser necesario á súa actualización.